

Sr. Alberto Núñez Feijóo
Presidente
XUNTA DE GALICIA

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2010

Estimado Presidente:

O sector lácteo de Galicia está ao borde da súa desaparición e con el non só un tecido económico que dá emprego a cerca de 100.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, senón tamén unha forma de vida para os que residimos no rural, contribuíndo de xeito capital ao mantemento dun medio cada vez máis despoboado.


Esta realidade terrible, xa non responde ao debuxo dun escenario de futuro, senón á certeza de que no prazo de meses, de non mudar as cousas, se vai producir unha creba en cadea da gran maioría das explotacións galegas e de moitas das empresas relacionadas co sector.

Diante deste horizonte dunha Galicia sen vacas, cara ao que camiñamos, resultounos moi alentador escoitalle o pasado día 20 de setembro, nunha conferencia, compartir a análise que as organizacións agrarias e as cooperativas fixemos de como e por que se chegou á situación de ruína na que se atopan miles de familias galegas que viven da gandería.


Na información que recollían os medios de comunicación sobre as súas palabras tamén se desprendía a necesidade de que a Comisión Nacional da Competencia interviñese para evitar que na mesma cadea de alimentación noutros países se pague o leite seis ou sete céntimos por riba do que se paga en España. A súa afirmación coincide plenamente cunhas prácticas que nós vimos denunciando desde hai moitos meses sen ser atendidos.

Por todo iso, e xa que todos compartimos que industrias e distribución están a favorecer prácticas cando menos dubidosas que ameazan a viabilidade das explotacións leiteiras en Galicia, pedímoslle que poña en marcha os mecanismos dos que dispón a Xunta de Galicia para poñer freo a esta lamentable situación e ao mesmo tempo traslade á Comisión Nacional de Competencia as sospeitas sobre a idoneidade do proceder destas empresas. Só deste xeito estaremos todos comprometidos coas 13.000 familias que cada día tratan de sacar adiante as súas granxas.


Á espera de que considere a nosa petición, reciba un cordial saúdo.



Higinio Mougán Bouzón
Xerente de AGACA



Carme Freire Cruces
Secretaria Xeral do SLG



Javier Iglesias Fernández
Secretario de Vacún de Leite e
Ganderías Intensivas de UUAA



Francisco Bello Bello
Secretario Xeral de XXAA